



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

1. Antecedentes-xustificación

De acordo co previsto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, esta é o órgano da Administración galega que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes e prevención dos incendios forestais. Así mesmo, correspóndelle o impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal, sen prexuízo das competencias das vicepresidencias e outras consellerías.

E, en concreto, Á Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM), adscrita a aquela, compételle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos.

Por outra banda, no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios (art. 8.1^a), recóllese a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realice aquelas e no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do Estudante Universitario" (art. 8.f) establécese, así mesmo, o dereito do alumnado á súa realización.

Nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (D. A. 1^a), está disposto que poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza naqueles, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración. E no artigo





51. f), que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de tales prácticas externas.

E a adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da USC, polo que é un dos seus obxectivos complementar a formación teórica mediante as prácticas en entidades, o que permitirá aos alumnos/as coñecer a realidade daquel.

En consecuencia, ambas partes (USC e Consellería do Medio Rural) consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, co fin de facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado, mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no citado ámbito.

Preténdese enmarcar a cooperación educativa, na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.

Estímase axeitada a formalización de convenio con tales fins, instrumento que queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo de que, segundo o previsto no artigo 4 desta norma, lle sexan de aplicación os principios da lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2. Obxecto e actuacións

Establecemento dun programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría nas instalacións da Consellería do Medio Rural, o achegamento das súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa, así como dos mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración. Poderán ser:

- Curriculares (contempladas nos plans de estudo)
- Conducentes á elaboración dos traballos fin de grao/máster
- Extracurriculares ou complementarias.

Realizárase, como mínimo, unha convocatoria en cada curso académico e a realización efectiva poderá exceder do período ordinario daquel, co límite do 30 de





setembro do curso seguinte. O número de prazas determinarao a Comisión de seguimento do convenio, que se concretará nas convocatorias da USC.

3. Condicións económicas

A formalización do convenio non implicará custo económico ningún para a consellería.

4. Inexistencia de relación laboral

A relación do alumnado en prácticas coa consellería de Medio Rural en ningún caso terá carácter laboral, polo que non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas na normativa desta natureza.

As actividades estarán orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que aquel non poderá realizar tarefas de responsabilidade naquela, nin as propias e exclusivas do seu persoal, nin poderá cubrirse ningún posto de traballo da entidade.

5. Vixencia e prórroga

Efectos dende a sinatura do convenio e duración de catro anos e, en todo caso, polo tempo que duren as prácticas, podendo prorrogarse polos seguintes catro anos.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando aquelas.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O secretario xeral técnico
Nicolás Vázquez Iglesias

